

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/19	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

9 de xaneiro de 2025

Duración:

Desde as 20:37 ata as 21:57

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ





EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARIA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 2 DE DECEMBRO DE 2024

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión sesión extraordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE DECEMBRO DE 2024

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión sesión ordinaria celebrada o día 5 de decembro de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 8516/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DECLARACIÓN DO ANO 2025 COMO ANO CULTURAL AVELINA VALLADARES.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto que este vindeiro ano 2025 cúmprese 200 anos do nacemento da poeta

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





estradense Avelina Valladares.

Visto o interese social e cultural que ten a devandita efemérede.

Visto o compromiso que este concello e o Departamento de Cultura teñen contraído coa promoción e divulgación da obra da escritora estradense.

Vista a obriga que o concello ten coa promoción dos seus referentes históricos e culturais.

Vista a necesidade de reivindicar o legado vital e humanístico dunha muller precursora na defensa dos dereitos da muller e das clases máis desfavorecidas da sociedade da época.

Vista a necesidade de divulgar a vida e a obra poética e xornalística dunha figura relevante do Rexurdimento galego.

Vista a proposta de resolución PR/2024/2472, emitida con data 10/12/2024 pola concelleira delegada de Cultura.

Visto o ditame favorable acadado pola Comisión Informativa de Cultura e Deportes, na sesión celebrada o 16/12/2024

Debatido sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Resolución:

Primeiro.- Celebrar o bicentenario da poeta estradense coa declaración do ano 2025 como “Ano Cultural Avelina Valladares”.

Segundo.- A dita declaración levará aparellada a programación dunha serie de actos para divulgar e poñer en valor o seu legado vital e literario.

Expediente 6943/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E AXENDA URBANA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE CESIÓN GRATUITA DA PARCELA VC-4 DO PLAN PARCIAL SUD R06 - AVDA. DE VIGO AO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA EDIFICAR VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto que, o Concello é o titular do pleno dominio da parcela VC-4 do Plan Parcial SUD R06 - Avda. de Vigo (finca rexistral núm. 89.250; finca catastral alfanum. 1164035NH4216S0001PE; inventariada por acordo da Xunta de Goberno Local do





14.10.2024), de 1.451,95 m² de superficie (ben patrimonial), que goza da clasificación urbanística de solo urbano consolidado en virtude do desenvolvemento do SUD-R06 do PXOM en vigor, aprobado definitivamente o día 03/05/2018 (BOP núm. 122, do 27/06/2019).

Visto que o Concello ten a vontade de ceder gratuitamente tal titularidade ao Instituto Galego da Vivenda e Solo coa finalidade de edificar vivenda de promoción pública, a cuxo efecto o Alcalde ditou a súa pertinente Providencia de incoación procedemental en data 17/12/2024.

Vistos os informes do arquitecto técnico municipal de datas 30/05/2024, 08/10/2024 e 19/12/2024.

Visto que a apuntada finca non se atopa comprendida en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, nin é necesaria para a Entidade Local nin previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

Visto o informe favorable da Intervención municipal de data 20/12/2024 (Informe de control permanente previo de ausencia de deuda pendiente de liquidar con cargo al Presupuesto para los supuestos de cesión gratuita de bienes).

Visto o informe xurídico de Secretaría de data 33/12/2024 (favorable).

Vista a proposta de resolución PR/2024/2644, emitida o 23/12/2024 pola concelleira delegada de Urbanismo.

Visto o ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana, en sesión do 26/12/2024.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Resolución:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a cesión gratuita da titularidade da parcela VC-4 do Plan Parcial SUD R06 - Avda. de Vigo (finca rexistral núm. 89.250; finca catastral alfanum. 1164035NH4216S0001PE), de 1.451,95 m² de superficie (ben patrimonial) á SOCIEDADE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA S.A. (CIF: A-75491647), coa finalidade de edificar vivenda de promoción pública.

Segundo.- Someter o expediente do que trae causa este acordo a trámite de información pública durante o prazo de 15 días en virtude de anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro municipal de editos e anuncios e na páxina web municipal, para exame e eventual formulación de alegacións.

Caso de non formularse alegacións en forma e prazo, o acordo de aprobación inicial entenderase elevado á condición de definitivo.





Terceiro.- Comunicar este acordo ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, para constancia, coñecemento e efectos.

Cuarto.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada e á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para respectiva constancia, coñecemento e efectos.

Expediente 8076/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (MOVETE) POLA QUE PROPÓN A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA FACILITAR O ACCESO Á VIVENDA NO CONCELLO DA ESTRADA

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 2, En contra: 18, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Vista a moción presentada o 22/11/2024 (registro de entrada 2024-E-RCIU-2) polo grupo municipal Mixto (MOVETE) que se transcribe literalmente de seguido:

“O problema do encarecemento do acceso á vivenda é tal vez a cuestión que mais preocupa a cidadanía en xeral e á estradense en particular. Así, o prezo da vivenda, tanto no relativo á súa adquisición, como ao seu aluguer, veuse incrementado nos últimos anos, o que se debe á suma de moitos factores, mais cremos que o principal é unha redución na oferta de vivendas producida pola falta de vivendas de protección pública, así como por unha desconfianza de certas persoas arrendadoras á hora de poñer as súas vivendas no mercado de aluguer, debido a un clima creado para favorecer o negocio de certas empresas de seguridade e outras organizacións no que se xeneraliza a idea falaz de que as persoas arrendatarias usualmente se dedican a manterse nas vivendas sen abonar a renda. Ademais, para as presentes propostas tivemos en conta estudos económicos nos que queda patente que subvencionar ao arrendatario só contribúe a elevar o prezo das rendas.

Deste xeito, existirían dous eidos de actuación. En primeiro lugar no que respecta ao aluguer baseamos a nosa proposta, nunhas medidas que se están a tomar en certas zonas do Concello de Vigo, mais variándoas de xeito que se adapten á realidade do noso Concello.

No relativo ao aluguer, a medida proposta vai encamiñada a subvencionar ao arrendador o custo dos seguros de garantía de pago de rendas e seguro do fogar que cubra os danos que poida producir o inquilino no mesmo, en contratos de duración superior ao ano e durante a vixencia da relación arrendaticia. A cambio o arrendador terá que establecer no contrato un prezo limite do alugueiro de 4/euros mes metro cadrado, tendo en conta a





superficie do inmovible que apareza en catastro con categoría de vivenda, o prezo só se poderá actualizar coa subida IPC como máximo. A cifra de 4 euros/metro cadrado é que estimamos mais axeitada á realidade económica da poboación estradense, de xeito que un piso de 100 m² tería que ser alugado como máximo pola suma de 400 euros/mes, aínda que se podería variar a mesma na concreción da presente moción, pero sempre tendo en conta que, a parte da mensualidade, o arrendatario tería que abonar outros conceptos como comunidade e subministros.

Con esta medida cómprese dous obxectivos, en primeiro lugar baixar o prezo de mercado dos alugueres na Estrada, sen ningún tipo de imposición ao arrendador. En segundo lugar dar garantías ao arrendador sen ningún custo nin para este nin para o arrendatario, de xeito que exista unha maior oferta de vivendas en aluguer pola tranquilidade que estes seguros poidan ofrecer ao arrendador.

En canto ao segundo dos eidos, a adquisición dunha vivenda habitual. A nosa proposta está baseada nunha medida da Xunta de Galicia que bonifica o 100% do imposto de transmisións patrimoniais para persoas menores de 36 anos que adquiran a súa vivenda habitual en parroquias do rural galego. A nosa idea sería ampliar a dita medida a todas as idades, tamén abranguendo mais gastos para facela mais atractiva para os posibles compradores no noso rural.

Así a proposta de Móvete sería a de subvencionar ao comprador o 100% dos seguintes gastos que se lle ocasionen pola compra dunha vivenda situada en calquera das parroquias do rural estradense: Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Gastos de Notaría e Gastos de Rexistro da Propiedade. Para poder optar á dita subvención sería requisito imprescindible estar empadroado na vivenda que se comprou e manter o dito empadramento 10 anos, senón tería que proceder á devolución da subvención recibida.

A dita medida contribuiría non só a abaratar o custo da vivenda, senón tamén a fixar poboación nun rural cada vez mais despoboado.

En canto á memoria económica das presentes medidas, estimamos que un seguro de garantía de alugueiro pode alcanzar o 5% da renda anual do alugueiro, deste xeito para un piso de 100 m² cunha renda de 400 euros mes, é dicir 4800 euros/ano, o custo do seguro sería duns 240 euros, cifra moi parecida á que podería costar anualmente un seguro do fogar dun inmovible das ditas características. Polo tanto, por menos de 500 euros por cada novo contrato de alugueiro o Concello da Estrada podería establecer esta medida. Estimamos, sendo optimistas, que anualmente se poden formalizar uns 50 contratos que se acollan a esta medida, polo que o custo anual para o Concello de como máximo 25.000 euros.

En canto a subvención para a compravenda dunha vivenda habitual, estimase que os gastos subvencionables (Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Gastos de Notaría e Gastos de Rexistro da Propiedade) supoñen





xeralmente o 10% do prezo da compravenda. Polo que si por exemplo estamos ante a compravenda dun inmovible de 100000 euros, o Concello subvencionaría 10000 euros. Estimamos, sendo optimistas, que poden existir unhas 10 adquisicións de vivendas habituais no noso rural cada ano, polo que o custo anual para o Concello ascendería a 100000 euros.

Finalmente sinalar que existe un obxectivo común a ambas medidas, que aínda secundario á finalidade principal da presente moción, si que entendemos que é moi importante para o noso Concello: atraer e manter poboación para non baixar da cifra de 20000 habitantes. Así o descenso desta cantidade suporía para o Concello da Estrada un custo expoñencialmente maior que os 120000 euros anuais nos que se estima a presente proposta.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Mixto Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:

Que se procedan a adoptar as seguintes medidas para facilitar o acceso á vivenda no Concello da Estrada:

- Subvencionar ao arrendador o custo dos seguros de garantía de pago de rendas e seguro do fogar que cubra os danos que poida producir o inquilino no mesmo, en contratos de duración superior ao ano e durante a vixencia da relación arrendaticia. Sempre que o novo contrato estableza un prezo do alugueiro de como máximo 4 euros/mes metro cadrado, tendo en conta a superficie do inmovible que apareza en catastro con categoría de vivenda, establecendo tamén o dito contrato que o prezo só se poderá actualizar coa subida IPC como máximo.
- Subvencionar ao comprador o 100% das cantidades abonadas polo comprador correspondentes ao Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, aos Gastos de Notaría, e aos Gastos de Rexistro da Propiedade, sempre que se trate da compra dunha vivenda situada en calquera das parroquias do rural estradense. Para poder optar e obter á dita subvención será requisito imprescindible o empadramento na vivenda que se comprou e manter o dito empadramento durante 10 anos, con devolución da subvención recibida en caso de incumprimento de calquera dos requisitos.”

Visto o ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión celebrada o 19/12/2024.

Resolución:

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos a favor dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE), e en contra dos grupos do PP e PSdeG-PSOE.





B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 8140/2024. TOMA DE RAZÓN DE LA RENUNCIA DE D. RICARDO CASTRO CAMBA AL CARGO DE CONCEJAL POR LA LISTA DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DEL AYUNTAMIENTO DE A ESTRADA

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto el escrito presentado con fecha 27 de noviembre de 2024 (registro de entrada 2024-E-RC-15857) por D. Ricardo Castro Camba, por lo que renuncia expresamente al cargo de Concejal del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Visto el artículo 182 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral General nº 5/1985, de 19 de junio (LOREG), en la redacción dada por Ley Orgánica 1/2003, de 10 de marzo, el cual dice que, en caso de renuncia o cese de un Concejal, el escaño se atribuirá al candidato o candidata o, en su caso, al suplente de la misma lista a quien corresponda, atendiendo a su orden de colocación.

Visto que, según las candidaturas proclamadas para las Elecciones Municipales del año 2023 en el municipio de A Estrada, publicadas en Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra n.º 80 de 26 de abril de 2023, por el Bloque Nacionalista Galego (bng), figura en el puesto 4 Doña María del Carmen Rey Romero, que sería a quien le correspondería ocupar la vacante producida por la renuncia de D. Ricardo Castro Camba.

Visto que Dña. María del Carmen Rey Romeo, mediante escrito presentado el 3 de diciembre de 2024 y firmado ante la Secretaria accidental de la Corporación, renuncia a ocupar la plaza vacante de concejala del Ayuntamiento de A Estrada, por lo que le correspondería a ocupar la misma D. Pablo Carracedo Goldar, que figura en el nº 5 de la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng) de las Elecciones Municipales del año 2023.

Visto que D. Pablo Carracedo Goldar, mediante escrito presentado el 3 de diciembre de 2024 y firmado ante la Secretaria accidental de la Corporación, renuncia a ocupar la plaza vacante de concejal del Ayuntamiento de A Estrada, por lo que le correspondería a ocupar la misma a Dña. Clara Isabel Iglesias Cortizo, que figura en el nº 6 de la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng) de las Elecciones Municipales del año 2023.

Visto que Dna. Clara Isabel Iglesias Cortizo, mediante escrito presentado el 3 de diciembre de 2024 y firmado ante la Secretaria accidental de la Corporación, renuncia a ocupar la plaza vacante de concejala del Ayuntamiento de A Estrada, por lo que le correspondería a ocupar la misma a D. Gumersindo Villamayor Martínez, que figura en el nº 7 de la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng) de las Elecciones Municipales del año 2023.





Visto que la Instrucción de la Junta Electoral Central de 10 de julio de 2003 (BOE nº 171 de 18 julio siguiente) establece que, cuando se presente renuncia de un Concejal o Concejala, el Pleno de la Entidad Local del que forme parte tomará conocimiento de la misma remitiendo certificación del acuerdo adoptado a la Junta Electoral de Zona a los efectos de proceder a la sustitución, indicando el nombre de la persona que, a juicio de la Corporación, corresponde cubrir la vacante.

En virtud de los preceptos legales citados, la señora Secretaria accidental emite con fecha 4 de diciembre de 2024 informe por el que formula al Pleno de esta corporación la siguiente propuesta de acuerdo:

“Primeiro.- Tomar conocimiento de la renuncia expresa de D. Ricardo Castro Camba al cargo de concejal del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng).

Segundo.- Declarar vacante una plaza de Concejal o Concejala del Ayuntamiento de A Estrada en la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng).

Tercero.- Tomar conocimiento de la renuncia expresa de Dna. María del Carmen Rey Romeo, D. Pablo Carracedo Goldar y Dna. Clara Isabel Iglesias Cortizo a ocupar la plaza vacante de concejal o concejala del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng).

Cuarto.- Solicitar de la Junta Electoral Central la designación del siguiente candidato en la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng), así como la expedición de su credencial, indicando que a juicio de esta Corporación corresponde cubrir la vacante a D. GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ, por ser el siguiente candidato en orden que figura en la referida lista.”

Resolución:

Tras las oportunas intervenciones de los portavoces de los distintos grupos municipales, se hace la siguiente **TOMA DE RAZÓN:**

Primeiro.- Tomar conocimiento de la renuncia expresa de D. Ricardo Castro Camba al cargo de concejal del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng).

Segundo.- Declarar vacante una plaza de Concejal o Concejala del Ayuntamiento de A Estrada en la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng).

Tercero.- Tomar conocimiento de las renunciaciones expresas de Dna. María del Carmen Rey Romeo, D. Pablo Carracedo Goldar y Dna. Clara Isabel Iglesias Cortizo a ocupar la plaza vacante de concejal o concejala del Ayuntamiento de A Estrada por la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng).





Cuarto.- Solicitar de la Junta Electoral Central la designación del siguiente candidato en la lista del Bloque Nacionalista Galego (bng), así como la expedición de su credencial, indicando que, a juicio de esta Corporación, corresponde cubrir la vacante a D. GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ, por ser el siguiente candidato en orden que figura en la referida lista.

El Ayuntamiento Pleno toma conocimiento de lo anteriormente transcrito.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 20 DE DECEMBRO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 20 de decembro de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-1825 ao número 2024-2001 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- D. José María Vázquez Caramés (DNI: [REDACTED])

- Dña. María Fernanda Barreiro Suárez (DNI: [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinteunha horas e cincuenta e sete minutos do día do seu comezo.





De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace que se sinala a continuación, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/2025/01/14/pleno-concello-de-a-estrada-9-de-enero-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

83E3A04A0A6625B5B94770D93BE493EDAA2FDD8BEF9D835A3DFA76F7CB63FC5E

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

